

PROGRAMACIÓN DE VERÁN 2018

Do 3 de xullo ao 30 de agosto

Programación día a día

Martes, 3 de xullo

20.00 h. Contacontos. “O traxe novo do rei”, de Tarabelos Teatro. *Praza de Arriba*

Mércores, 4 de xullo

22.00 h. Cinemas de Verán. “C’est la vie” (comedia | NRM 7 anos). *Rúa do Hospital*

Xoves, 5 de xullo

21.30 h. Xoves Musicais. “Breaking Bones”. *Praza do Corgo*

Venres, 6 de xullo

21.30 h. Cultura no Camiño. Teatro cómico. “Go-on!”, de Malasombra producións. *Praza do Corgo*

Sábado, 7 de xullo

21.30 h. Ópera. Retransmisión en directo desde o Teatro Real de Madrid de “Lucia di Lammermoor”, de Gaetano Donizetti. *Rúa Castelao*

Martes, 10 de xullo

20.00 h. Contacontos musical. “Alegría”, de Sergio Tannus. *Praza de Arriba*

Mércores, 11 de xullo

22.00 h. Cinemas de Verán. “La abeja Maya” (Animación | TP). *Rúa do Hospital*

Xoves, 12 de xullo

21.30 h. Xoves Musicais. “Fla-meco”. *Praza do Corgo*

Venres, 13 de xullo. Festas do Carme

Programa do día

12.00 h. Comezo das festas cunha gran salva de bombas

22.00 h. Verbena a cargo do Javi Solla

23.30 h. Verbena a cargo do grupo Acirema

Sábado, 14 de xullo. Festas do Carme

Programa do día

22.00 h. Concerto a cargo de Vintage Covers

23.30 h. Verbena a cargo da Gran Orquestra Costa Oeste

Sábado, 15 de xullo. Festas do Carme

Programa do día

21.00 h. Actuación de baile e música tradicional a cargo da Asociación Cultural Cantodorxo.
Rúa Castelao

22.00 h. Verbena a cargo do Dúo Prisma

00.00 h. Gran tirada de fogos artificiais

00.30 h. Concerto a cargo do grupo asturiano Assia

Luns, 16 de xullo. Festas do Carme

Programa do día

11.45 h. Gran salva de bombas para anunciar o día grande das festas

11.30 h. Misa solemne oficiada polo arcebispo de Santiago de Compostela

13.30 h. Aperitivo para os xubilados, amenizado pola Banda do Sequío. *Casa da Terceira Idade*

18.00 h. Saída de San Roque da procesión ata a lonxa para celebrar a misa por todos os mariñeiros falecidos do Grove.

19.00 h. Procesión marítima acompañada pola Banda de Música da Sanxenxo.

21.30 h. Actuación do Dúo Gran Solera (Lino “Tambo” e Anselmo “Chapelo”)

22.30 h. **Concerto** a cargo do grupo Claxxon.

Martes, 17 de xullo. Festas do Carme

Programa do día

22.00 h. III Festa da Xuventude (anunciaranse os grupos participantes)

Mércores, 18 de xullo

22.00 h. Cinemas de Verán. “Perfectos desconocidos” (Comedia | NRM 12 anos). *Rúa do Hospital*

Xoves, 19 de xullo

21.30 h. Xoves Musicais. Otero & Romero “Enxebre”. *Praza do Corgo*

23.00 h. Monólogo. Miguel Lago. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10.* Máis info no local

Venres, 20 de xullo

21.30 h. Concerto. “5 en zocas”. *Praza do Corgo*

23.00 h. Concerto. “Los Vagos”. *El Patio, Rúa Luís Seoane, 10.* Máis info no local

Sábado, 21 de xullo

21.00 h. Festa hawaiana. *Rúa O Pombal.* Organizan: locais da rúa O Pombal

Domingo, 22 de xullo

21.00 h. Poesía. Recital “Sentimentos nus”, a cargo de Letraenxebre. *Rúa Castelao*

22.30 h. Música. “Es cosa de dos”. *El Patio, Rúa Luís Seoane, 10.* Máis info no local

Martes, 24 de xullo

20.00 h. Contacontos musical. “Canta connosco!”, de Migallas Teatro

22.00 h. Música. “Il Noite de Serenatas” Os Firrás. *Praza do Corgo*

23.00 h. Concerto. “Rock in Gina”. *El Patio, Rúa Luís Seoane, 10.* Máis info no local

Mércores, 25 de xullo. Día Nacional de Galicia

12.30 h. Acto institucional do Día Nacional de Galicia, coa actuación da Coral Polifónica da Confraría de Pescadores San Martiño do Grove. *Praza do Corgo*

13.00 h. Festa da Terra. *Quinteiro de Temperán San Vincente*. Máis info no local

23.00 h. Concerto. “Patricia Aguilar e Fran Valenzuela”. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10*. Máis info no local

Xoves, 26 de xullo

21.30 h. Xoves Musicais. “Deteriorados”. *Praza do Corgo*

Venres, 27 de xullo

11.30 h. Ler conta moito: “Xogando coas palabras”, de Javier Muro. *Axencia de Lectura de San Vicente*

23.00 h. Concerto. “Bruno e Matías”. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10*. Máis info no local

Sábado, 28 de xullo

21.30 h. Presentación disco. “Orixe”, de Pablo Vidal. *Praza do Corgo*

23.00 h. Concerto. “Minguante”. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10*. Máis info no local

Domingo, 29 de xullo

21.00 h. 50 aniversario da Coral. V Memorial Loli Cabanelas. Concerto do Coro Infantil da Coral de Confraría de Pescadores San Martiño do Grove, Coro Infantil de Río Tinto (Porto) e o Coro Infantil de Pobra de Trives, acompañados pola Banda da Asociación músico-cultural de Ribadumia. *Praza do Corgo*

23.00 h. Concerto. “Jazzy”. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10*. Máis info no local

Martes, 31 de xullo

20.00 h. Contacontos musical. “Contos para un mundo mellor”, con Gloria de Mamá Cabra. *Praza de Arriba*

Mércores, 1 de agosto

22.00 h. Cinemas de Verán. “Ferdinand” (Animación | TP). *Rúa do Hospital*

Xoves, 2 de agosto

21.30 h. Xoves Musicais. “¿Quién se queda con los niños?”. *Praza do Corgo*

Venres, 3 de agosto

21.00 h. Cultura no Camiño. Espectáculo música e maxia: “Transformando o presente”, con Martín Camiña, Fani Triana e Álvaro Muras. *Praza do Corgo*

23.00 h. Concerto. “Carolina Rubirosa”. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10.* Máis info no local

Sábado, 4 de agosto

21.00 h. XXII Festival Folclórico Cantodorxo. *Praza do Corgo.* Organiza: Cantodorxo

23.00 h. Concerto. “David Chiquillo”. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10.* Máis info no local

Domingo, 5 de agosto

10.00 h. X Romaría da Malla. *San Vicente*

13.00 h. Festa da Malla. *Quinteiro de Temperán. San Vincente.* Máis info no local

Martes, 7 de agosto

21.00 h. Contacontos. “Raposadas”, de Raquel Queizás. *Praza de Arriba*

Mércores, 8 de agosto

22.00. Cinemas de Verán. “Gru 3: Mi villano favorito” (Animación | TP). *Rúa do Hospital*

23.00 h. Monólogo. “Carlos Blanco”. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10.* Máis info no local

Xoves, 9 de agosto

19.30 h. Proceso de salgadura da sardiña. “Facemos a chanca” (introdución da sardiña na salmoira). *Centro de Interpretación da Pesca e da Salga de Punta Moreiras.* Organiza Asociación de Amigos do Espazo Museístico das Salgadeiras de Moreiras.

21.30 h. Xoves Musicais. Clara Pino e Pablo Vidal “Nowhere”. *Praza do Corgo*

Venres, 10 de agosto

11.30 h. Ler conta moito. “As parábolas de Pakolas”, de Pako Pakolas. *Biblioteca Municipal do Grove*

23.00 h. Humor. “Pequeña gran compañía”. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10.* Máis info no local

Sábado, 11 de agosto

21.00 h. Carnaval de verán. *Rúa O Pombal.* Organizan locais da Rúa O Pombal

23.00 h. Concerto. “Guzmán”. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10.* Máis info no local

Domingo, 12 de agosto

21.30 h. Concerto. Rosa Leiro e Juan Carlos Cambas “Canto Libre”. *Praza do Corgo*

Martes, 14 de agosto

20.00 h. Contacontos. “O cego dos Monifates. Romance de Cans”, de Viravolta-Seisdedos. Programación do Ano da Lingua da Deputación de Pontevedra. *Praza de Arriba*

Mércores, 15 de agosto

22.00. Cinemas de Verán. “Deep” (Animación |TP)). *Rúa do Hospital*

13.00 h. Festa do Mar. *Quinteiro de Temperán. San Vicente.* Máis info no local

23.00 h. Concerto. Rafa Otero e Andrés Romero “Enxebre”. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10.* Máis info no local

Xoves, 16 de agosto

21.30 h. Xoves Musicais (Con voz de muller). Red Vita. *Praza do Corgo*

Venres, 17 de agosto

21.30 h. Con voz de muller. Carolina Rubirosa. *Rúa Castelao*

Sábado, 18 de agosto

21.30 h. Con voz de muller. Guadi Galego. *Rúa Castelao.* Programa Musigal da Deputación de Pontevedra

Domingo, 19 de agosto

21.00 h. Con voz de muller. Uxía Senlle. *Rúa Castelao*

22.30 h. Monólogo. David Amor. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10.* Máis info no local

Martes, 21 de agosto

20.00 h. Contacontos. “Polo mar abaixo”, de Xarope Tulú. *Praza de Arriba*

Mércores, 22 de agosto

22.00. Cinemas de Verán. “La Tribu” (Comedia | NRM 7 anos). *Rúa do Hospital*

Xoves, 23 de agosto

19.30 h. Proceso de salgadura da sardiña. “Cargamos o morto” (lavado e estivado da sardiña nos tabales). *Centro de Interpretación da Pesca e da Salga de Punta Moreiras*. Organiza Asociación de Amigos do Espazo Museístico das Salgadeiras de Moreiras.

21.30 h. Xoves Musicais. Amigos do Acordeón das Rías Baixas. *Praza do Corgo*

Venres, 24 de agosto

21.00 h. Concerto. Sheila Patricia. *Praza do Corgo*

23.00 h. Monólogo. Luis Piedrahita. *El Patio. Rúa Luís Seoane, 10*. Máis info no local

Sábado, 25 de agosto

20.00 h. VII Exhibición de Baile Cantodorxo. *Praza do Corgo*. Organiza: Asociación Cultural Cantodorxo

Martes, 28 de agosto

20.00 h. Contacontos e concerto musical. “Estamos no verán!!!”, de Xoán Curiel. *Praza de Arriba*

Mércores, 29 de agosto

22.00. Cinemas de Verán. “La muerte de Stalin” (Comedia | NRM 16 anos). *Rúa do Hospital*

MÚSICA

CICLO XOVES MUSICAIS 2018

Todos os xoves ás 21.30 horas no escenario da Praza do Corgo

3 de xullo. Breaking Bones

Breaking Bones son a antítese da esperanza branca do rock and roll, os onte delincuentes novos, hoxe simplemente delincuentes, poñen o seu maior empeño en molestar a cidadanía en xeral sen lle achegar nada construtivo á sociedade, para o cal crearon este proxecto.

Manteñen unha forte inspiración do rock primixenio e salvaxe, e a obsesión polo punk dos 50's (o rockabilly máis escuro), o 60's e 70's punk, por culpa de Link Wray e os seus Danelectro, e finalmente influenciados polo psychobilly oitenteiro.

12 de xullo. Fla-meco

Flamenco e rumba.

19 de xullo. Otero & Romero

Rafa Otero "Proxecto Galicia tradicional" é un proxecto do guitarrista galego Rafa Otero.

O traballo consiste na interpretación de temas tradicionais galegos dos que todos cantamos algunha vez arranxados dun xeito distinto e mesturando instrumentos e voces dispares xunto a unha sobria interpretación de cada tema que os faga sempre sorprendentes e innovadores.

Por poñer un exemplo, un arranxo que xa estreamos da Rianxeira para guitarra acústica, arpa, contrabaixo e a voz da cantante ruso-letoa Vita Ivaskevica, que tivo moi boa resposta do público nun concerto no Auditorio de Oleiros, na entrega dos premios Meca do Grove e tamén nas redes sociais.

Neste caso os arranxos de Rafa Otero están feitos con guitarra acústica e a impecable voz flamenca do cantante Andrés Romero. O seu desexo é que o público que asista aos seus concertos poida gozar dun intre agradable de boa música.

26 de xullo. Deteriorados

Country & Blues Heroico do Delta do Morrazo (Envelhecimento Activo Interxeneracional Voluntariado – USC).

2 de agosto. ¿Quién se queda con los niños?

Pop Rock. Versións.

9 de agosto. Clara Pino e Pablo Vidal, "Nowhere".

Este é o título escollido por Clara Pino e Pablo Vidal para o seu primeiro traballo conxunto facendo referencia aos "non lugares". Consta de nove cancións orixinais con letras de Clara Pino e músicas compartidas polos dous (produción de Pablo Vidal), e un elevado contido literario.

16 de agosto. Red Vita

Con procedencia ruso-letoa, Red Vita é unha cantautora que actualmente vive en Raxó, Galicia. Empezou a escribir a súa propia música aos 18 anos. Múdase a Riga, capital de Letonia, onde crea dúas formacións: “Soli Deo Gloria” e “IVA”, entre 2000-2009. A segunda banda é un proxecto creado despois dos seus estudos de música en Santa Fe, EEUU, onde descobre o *bluegrass* e o son acústico de mandolina que despois incluírá no seu primeiro disco, “Desert Gardens” (*Xardíns de deserto*). Vita canta en cinco linguas: letón, inglés, galego, grego e ruso. O seu primeiro single, “Highway” logra o recoñecemento do público letón e chega a ser número 1. A banda participa en festivais de música e tamén viaxa a dar concertos a Francia. Ao se mudar a Galicia, Red Vita inicia novos proxectos, máis persoais, segue compoñendo e viaxando por distintas culturas e linguaxes da música.

23 de agosto. Amigos do Acordeón das Rías Baixas

Por iniciativa de Pablo Dovalo, xúntase un grupo de acordeonistas coa intención de experimentar un xeito diferente de interpretar a música do acordeón. Son de distintos lugares da nosa comarca e case que todos eles forman parte doutras agrupacións. Por medio desta unión acada unha nova experiencia musical e goza da amizade e da verdadeira convivencia. Desde o seu comezo este grupo de acordeonistas ten feito concertos por toda Galicia: Vilagarcía de Arousa, Ribadumia, Cambados, Ferrol, Narón... Organizan cada ano un maratón de acordeonistas e participan nos circuítos culturais da Deputación de Pontevedra.

CICLO “CON VOZ DE MULLER”

O Concello do Grove quere dedicarlle un espazo especial á música feita e cantada por mulleres. En recoñecemento polo seu labor artístico e como reivindicación dun espazo para as mulleres na programación cultural.

Ademais das actividades do ciclo, consulta a programación para ver máis actuacións con acento feminino.

Do 16 ao 19 de agosto, ás 21.30 h, na rúa Castelao: Homenaxe ás Mulleres

16 de agosto. Red Vita (*Praza do Corgo*)

17 de agosto. Carolina Rubirosa

18 de agosto. Guadi Galego (programa Musigal da Deputación de Pontevedra)

19 de agosto. Uxía Senlle

Máis música feminina:

Venres. 20 de xullo. 21.00 h. 5 en Zocas. *Praza do Corgo*

Venres. 24 de agosto. 21.00 h. Sheila Patricia. *Praza do Corgo*

MÚSICA CLÁSICA E TRADICIONAL

ÓPERA

Sábado, 7 de xullo. 21.30 h. Retransmisión en directo desde o Teatro Real de Madrid de “Lucia di Lammermoor” de Gaetano Donizetti. *Rúa Castelao*

CORAL

Domingo, 29 de xullo. 21.00 h. 50 aniversario da Coral. V Memorial Loli Cabanelas. Concerto do Coro Infantil da Coral de Confraría de Pescadores de San Martiño do Grove, Coro Infantil de Rio Tinto (Porto) e o Coro Infantil de Pobra de Trives, acompañados pola Banda da Asociación músico-cultural de Ribadumia. *Praza do Corgo*

CANTO LIBRE

Domingo, 12 de agosto. 21.00 h. Rosa Leiro e Juan Carlos Cambas. *Praza do Corgo*

MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

Venres. 20 de xullo. 21.00 h. 5 en Zocas. *Praza do Corgo*

SERENATAS

Martes, 24 de xullo. 21.00h. Noite de Serenatas “Os Firrás”. *Praza do Corgo*

JAZZ

Sábado, 28 de xullo. 21.00 h. Presentación do disco “Orixe”, de Pablo Vidal (jazz galego contemporáneo). *Praza do Corgo*

CULTURA NO CAMIÑO

Novas escenas e propostas

Venres. 6 de xullo. 21.30 horas. “Go-On!”, de Malasombra produccions. Praza do Corgo

Logo da chegada do home á Lúa á humanidade só lle faltaba un reto: a chegada do home a Galicia. No ano 2010 (ano 25 despois de Gayoso), dous intrépidos exploradores tiveron o valor de adentrarse nas descoñecidas terras galaicas a través da Ruta Xacobeá.

“GO ON!” recompila esta experiencia límite que deixa os do “Al filo de lo imposible” como simples *boyscouts*.

“GO ON!” é unha emocionante novela de aventuras na que os seus protagonistas viven situación extremas coma o terrible ataque do desapiadado can de palleiro ou a entrevista a un porco no corredor da morte.

“GO ON!” é un completo folleto turístico que servirá para que outros ousados viaxeiros saiban como conseguir alimento nas festas gastronómicas ou como identificar a Santa Compañía.

“GO ON!” é un manual de supervivencia imprescindible para saber como viaxar nun tren galego a velocidade negativa cheo de galegos cantando cancións populares ou como ser porco e sobrevivir no San Martiño.

“GO ON!” é unha guía de primeiros auxilios con recomendacións necesarias, como que facer logo de ser salvaxemente agredido por un toxo ou que facer logo de limpar o cu con ortigas.

“GO ON!” é a conferencia que percorre o mundo desde Burgos a Arkansas desvelando os misterios máis íntimos de Galicia e os seus habitantes, como cal é a orixe da frase “Non me

toques os suevos”, cada canto tempo cambian as sabas os da Santa Compañía, ou cal é a resposta definitiva á pregunta máis transcendente de todas as preguntas: “Que din os rumorosos na costa verdecente?”.

“GO ON!”. Unha odisea cómica no espazo galego.

Venres, 3 de agosto. 21.00 horas. “Transformando o presente”, cos ilusionistas Martín Camiña e Fani Triana e o músico Álvaro Muras. *Praza do Corgo*

A arte da transformación a través do ilusionismo e a música. Maxia e melodías que pretenden alterar a nosa realidade nun espectáculo cheo de efectos sonoros e emocións visuais. Cordas, cadernos, asentos que cobran vida, sorpresas a dúo, espadas, cabinas doutro tempo, humor, participación dos espectadores... e un baixo eléctrico, proxectan situacións surrealistas, formulando se o que estamos a ollar corresponde co que escoitamos, ou se o son que percibimos está neste presente ou noutro. Ilusións fascinantes e pezas sonoras orixinais ao vivo, compostas en clave fantástica.

Martes 7 de agosto. 20:00 h. “Raposadas”, de Raquel Queizás”. *Praza de Arriba*

Colleita de contos populares de animais de tradición oral da nosa terra, que alimentaron, alimentan e alimentarán moitas nenas e moitos nenos galegos.

Os contos de tradición oral seleccionados están protagonizados por animais personificados que se debaten entre o uso da forza bruta e o uso da intelixencia para a resolución de conflitos. Moitos destes contos, ademais de nos mostraren as características que definen a cada animal, buscan describir e explicar unha forma de vida fomentando o respecto pola natureza. Axudan a coñecer a contorna natural e familiar que nos fai pobo a través da nosa lingua, os nosos contos, as nosas adiviñas, os nosos xogos e as nosas cancións.

CINEMAS DE VERÁN

Todos os mércores, ás 22.00 horas, na rúa do Hospital

4 de xullo. “C’est la vie”

Ano: 2017 | Duración: 115 min

Xénero: Comedia. Vodas

(Non recomendada menores de 7 anos)

Sinopse: unha voda de luxo nun castelo francés do século XVIII váiselles das mans aos seus responsables. O principal encargado é Max (Jean-Pierre Bacri), un organizador de vodas que nesta ocasión se enfronta a unha celebración de alto *standing* nada menos que nun castelo. Todo parece estar perfectamente orquestrado para que o evento sexa un éxito: camareiros, orquestra, menú, DJ e decoración floral, pero a cada momento xorden tropezos que fan que o resultado roce o catastrófico.

11 de xullo. “La abeja Maya”

Ano: 2017 | Duración: 83 min

Xénero: Animación. Infantil

(Autorizada para todos os públicos)

Sinopse: a entusiasta abella Maya mete a pata coa emperatriz de Buzztrópole e deberá unirse a un equipo de rebeldes insectos para competir nos Xogos do Mel e salvar así a súa raíña e as súas compañeiras de panal.

18 de xullo. “Perfectos desconocidos”

Ano: 2017 | Duración: 96 min

Xénero: Comedia. Comedia negra. Remake

(Non recomendada menores de 12 anos)

Sinopse: nunha cea entre catro parellas que se coñecen de toda a vida propónse un xogo que porá sobre a mesa os seus peores segredos: ler en voz alta as mensaxes, e atender publicamente as chamadas que reciban nos seus móbiles durante a cena. Remake do exitoso filme italiano "Perfetti sconosciuti" (2016), de Paolo Genovese.

1 de agosto. “Ferdinand”

Ano: 2017 | Duración: 106 min

Xénero: Animación. Comedia. Infantil. Animais. Touros

(Autorizada para todos os públicos)

Sinopse: Ferdinand é un novelo moi tranquilo que prefire sentar debaixo dunha árbore a cheirar as flores que saltar, bufar e pelexar con outros touros. Segundo vai crescendo e facéndose forte, o seu temperamento non cambia e segue sendo un touro manso. Un día, uns homes veñen buscando o touro máis grande, rápido e bravo... e Ferdinand é elixido erradamente para as touradas de Madrid.

8 de agosto “Gru 3. Mi villano favorito”

Ano: 2017 | Duración: 90 min

Xénero: Animación. Comedia

(Autorizada para todos os públicos)

Sinopse: Balthazar Pratt, un antigo neno estrela obsesionado co personaxe que encarnou nos anos oitenta, demostra ser o peor inimigo ao que Gru tivo que se enfrontar ata a data.

15 de agosto. “Deep”

Ano: 2017 | Duración: 92 min

Xénero: Animación. Infantil. Comedia

(Autorizada para todos os públicos)

Sinopse: nun futuro non moi afastado, os últimos superviventes do planeta Terra son un grupo excéntrico de criaturas abisais cuxo fogar está nunha fenda moi profunda no océano e protexidos polo mítico Kraken. Unha catástrofe fará que o pequeno polbo Deep, xunto cos seus amigos Evo e Alice teñan que emprender unha perigosa viaxe chea de aventuras salvaxes e así poder salvar a todos os habitantes da greta.

22 de agosto. “La Tribu”

Ano: 2018 | Duración: 90 min

Xénero: Comedia

(Non recomendada menores de 7 anos)

Sinopse: Virginia (Carmen Machi), limpadora de profesión e “streetdancer” vocacional, recupera o fillo que deu en adopción: Fidel (Paco León), un executivo que o perdeu todo, incluída a memoria. Xunto a “Las Mamis”, o extravagante grupo de baile que forman as

compañeiras de Virginia, nai e fillo descubrirán que a pesar de viren de mundos moi diferentes, ambos levan o ritmo no sangue.

29 de agosto. “La muerte de Stalin”

Ano: 2017 | Duración: 106 min

Xénero: Comedia

(Non recomendada menores de 16 anos)

Sinopse: a noite do 2 de marzo de 1953 morreu un home. Ese home é Josef Stalin, ditador, tirano, carniceiro e secretario xeral da URSS. E se xogas as túas cartas ben, o posto agora pode ser teu. Unha sátira sobre os días previos ao funeral do pai da nación. Dúas xornadas de duras pelexas polo poder absoluto a través de manipulacións, luxurias e traizóns.

CATIVOS ACTIVIDADES PARA A RAPAZADA

CINE

Consulta o programa de **Cinemas de Verán** con moitas películas infantís.

CONTACONTOS

Todos os martes, ás 20.00 horas, contacontos na Praza de Arriba

3 de xullo. “O traxe novo do rei”, de Tarabelos Teatro

10 de xullo. “Alegría”, con Sergio Tammus (contacontos musical)

23 de xullo. “Cabta connosco!”, de Migallas Teatro (contacontos musical)

31 de xullo. “Contos para un mundo mellor”, con Gloria de Mama Cabra

7 de agosto. “Raposadas”, de Raquel Queizás

14 de agosto. “O cego dos monifates. Romance de Cans”, de Viravolta-Seis Dedos

21 de agosto. Xarope Tulú

28 de agosto. “Estamos no verán!!!”, de Xoán Curiel (concerto musical).

OUTRAS ACTIVIDADES

27 de xullo. Ler conta moito: “Xogando coas palabras”, de Javier Muro. Axencia de Lectura de San Vicente

10 de agosto. “As parábolas de Pakolas”, de Pako Pakolas. Biblioteca Municipal do Grove

FESTAS

Venres. 21 de xullo. FESTA HAWAINA. Rúa O Pombal

Domingo, 5 de agosto. FESTA DA MALLA. San Vicente.

Sábado, 11 de agosto. CARNAVAL DE VERÁN. Rúa O Pombal

POESÍA

Domingo, 22 de xullo. 21.00 h. Poesía. Recital “Sentimentos nus”, a cargo de Letraenxebre.
Rúa Castelao

EXPOSICIÓNS

FOTOGRAFÍA. “Aires do Salnés” de Paco Luna. Do 30 de xullo ao 5 de agosto.